

Concello de Covelo

Expte. n.º: 1/2026

JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA, Secretario-Interventor no Concello de Covelo, provincia de Pontevedra,

CERTIFICO:

Que o Sr. Alcalde do Concello de Covelo ditou o día un de abril de dous mil vinte e seis, o Decreto que deseguido se transcribe na súa literalidade:

“.....

D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, Alcalde-Presidente do Concello de Covelo (provincia de Pontevedra), en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 61.1.s) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Vistas as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal 2026-2027 (Plan + Provincia 2026-2027) (BOPPO n.º 1 de 2 de xaneiro de 2026).

Visto o proxecto de ampliación e mellora do entorno do cemiterio de Barcia de Mera, redactado polo enxeñeiro de edificación e arquitecto técnico D. José Simón Sánchez, cun orzamento total de seiscientos un mil cento trinta e nove euros con cincuenta e un céntimos (601.139,51 euros), IVE incluído.

Visto o informe técnico de 29 de marzo de 2026 do redactor do proxecto, o enxeñeiro de edificación e arquitecto técnico D. José Simón Sánchez.

Vistos os informes solicitados, de acordo co artigo 39.2.c) e f) do Decreto 129/2023, do 31 de agosto, de sanidade mortuoria de Galicia, á Confederación Hidrográfica Miño – Sil, O.A. e ao Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Sanidade.

Vista a declaración responsable para verquidos domésticos de escasa entidade presentada na Confederación Hidrográfica Miño – Sil, O.A. o 31 de marzo de 2026 (Rexistro de saída n.º 2026-S-RC-267).

Visto o informe técnico de 1 de abril de 2026 do arquitecto municipal, D. Pedro de la Puente Crespo, no que, ao abeiro do artigo 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no que informa que:

*“(...) Las Obras que se pretenden realizar, a pesar de no estar dentro del ámbito de alguna afección que haga necesaria la consiguiente autorización sectorial, si resulta preceptivo el informe de la **CONSELLERÍA DE SANIDAD DE LA XUNTA DE GALICIA** y de la **CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO – SIL**, referido a la infiltración al terreno de aguas depuradas (...).”*

Vista a notificación do acordo adoptado na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial celebrada o 27 de marzo de 2026 (Rexistro de entrada n.º 2026-E-RC-748 de 1 de abril de 2026) pola que se concede ao Concello de Covelo unha subvención por importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €) para a ampliación e mellora do entorno do cemiterio de Barcia de Mera ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) (BOPPO n.º 189 de 3 de outubro de 2025) (Expte. n.º 1.308/2025),



Concello de Covelo

RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención de carácter bienal para os exercicios 2026 e 2027, ao abeiro das bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal 2026-2027 (Plan + Provincia 2026-2027), para facer fronte a achega municipal da actuación consistente na “ampliación e mellora do entorno do cemiterio de Barcia de Mera” máis os honorarios técnicos de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, por importe de cento oito mil catrocentos trece euros con oitenta céntimos (108.413,80 €) coa seguinte distribución temporal:

- Exercicio 2026: unha subvención por importe de trinta e seis mil oitocentos tres euros con vinte e tres céntimos (36.803,23 €).
- Exercicio 2027: unha subvención por importe de setenta e un mil seiscentos dez euros con cincuenta e sete céntimos (71.610,57 €).

Segundo.- Aprobar o cadro de financiamento para os exercicios 2026 e 2027 de acordo coa memoria elaborada polo redactor do proxecto, o enxeñeiro de edificación e arquitecto técnico D. José Simón Sánchez, para a actuación consistente na “ampliación e mellora do entorno do cemiterio de Barcia de Mera” máis os honorarios técnicos de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde seguinte:

		Anualidade 2026	Anualidade 2027	Total
Actuacións subvencionables	Obra	204.069,07 €	397.070,44 €	608.413,80 €
	Honorarios técnicos (DO)	1.783,46 €	3.470,19 €	
	Honorarios técnicos (CSS)	685,95 €	1.334,69 €	
Financiamento	Plan Extra 2025	500.000,00 €	0,00 €	608.413,80 €
	Plan + Provincia 2026-2027	36.803,23 €	71.610,57 €	

Terceiro.- Declarar que se coñecen e se aceptan na súa totalidade as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal 2026-2027 (Plan + Provincia 2026-2027).

Cuarto.- Declarar que este Concello posúe plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios onde se pretenden realizar as actuacións.

Quinto.- Declarar que para esta actuación para a que se solicita a subvención cóntase cunha subvención por importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €) ao amparo das bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) (BOPPO n.º 189 de 3 de outubro de 2025).

Sexto.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre.....”.

E para que así conste e produza os oportunos efectos, expido a presente certificación, por orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Juan Pablo Castillo Amigo, en Covelo, na data da sinatura electrónica.



Concello de Covelo

O secretario-interventor

Vº e praxe
O alcalde

